



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Lingua Inglesa 1		Código	613G01003
Titulación	Grao en Español: Estudios Lingüísticos e Literarios			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Inglés			
Prerrequisitos				
Departamento	Filología Inglesa			
Coordinación	Lezcano Gonzalez, Emma		Correo electrónico	emma.lezcano@udc.es
Profesorado	Barros Grela, Eduardo Lareo Martín, Ines Lezcano Gonzalez, Emma		Correo electrónico	eduardo.barros@udc.es i.lareo@udc.es emma.lezcano@udc.es
Web				
Descripción xeral	<p>Esta materia ofrece formación teórico-práctica na descripción e uso da lingua inglesa de maneira que se garanta un dominio práctico da mesma a un nivel intermedio-alto. O alumnado debería conseguir consolidar ?unha vez que se cubran os contidos da materia? todas as competencias do nivel B1 e unha boa parte das competencias do nivel B2, dentro dos seis niveis que se distiguen no Marco Europeo de Referencia. Estimularase a autonomía do alumnado e a súa capacidade de ser responsable no proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Aínda que non existe ningún prerrequisito oficial, é recomendable que os/as estudiantes empecen o curso cun nivel intermedio e inglés (como mínimo un nivel B1 do Marco Europeo).</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Seguir unha conversa sobre asuntos cotiáns ou de carácter xeral, participar espontáneamente e ser capaces de expresar sorpresa, felicidade, tristeza, interese, indiferenza etc.		A6	B4 C2
Entender as ideas principais dun discurso oral ou escrito sobre asuntos cotiáns, de actualidade, ou sobre temas persoais, separánndoas dos detalles específicos.		A6	B4 C2
Comprender a descripción de acontecementos, de sentimientos e de deseños en cartas persoais e en textos relacionados cos campos semánticos do programa.		A6	B3 C2
Localizar información relevante en textos longos ou obter información de distintas partes do texto ou de varios textos para resolver un problema específico, así como identificar as conclusións en textos de argumentación claros e recoñecer a liña dese argumentación.		A6 A15 B6	B5 C2



Expoñer e cohesionar de forma más ou menos elaborada experiencias, desexos, opinións, proxectos, reaccións etc.	A6 A9 A15	B4	C2
Comentar as opinións doutras persoas, comparando e contrastando alternativas, avaliando que facer, a onde ir, ou que elixir.	A6 A9 A15	B4	C2
Presentar un tema coñecido sobre os campos semánticos traballados ou outros relacionados para que poida ser seguido sen dificultades, explicar os puntos significativos con razonable precisión e ser capaz de contestar as preguntas que xorden.	A6 A9 A15	B1 B3 B5 B6	C3
Escribir textos ben enlazados e gramaticalmente correctos sobre temas que son coñecidos ou de interese persoal e describir experiencias e impresións así como formular peticións ou solicitudes concretas de xeito sinxelo.	A6 A9 A15	B3 B4 B6	C2
Entender as ideas principais dun discurso oral ou escrito sobre asuntos cotiáns, de actualidade, ou sobre temas persoais, e separalas dos detalles específicos.			
Localizar información relevante en textos longos ou obter información de distintas partes do texto ou de varios textos para resolver un problema específico, así como identificar as conclusións en textos de argumentación claros e recoñecer a liña desa argumentación.			
Presentar un tema coñecido sobre os campos semánticos traballados ou outros relacionados para que poida ser seguido sen dificultades, explicar os puntos significativos con razonable precisión e ser capaz de contestar as preguntas que xorden.			
Escribir textos ben enlazados e gramaticalmente correctos sobre temas que son coñecidos ou de interese persoal e describir experiencias e impresións así como formular peticións ou solicitudes concretas de xeito sinxelo.			

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Grammar	1.1. Articles 1.2. Nouns 1.3. Adjectives and adverbs 1.4. Pronouns and quantifiers 1.5. Time and tense 1.6. The passive voice 1.7. Modal verbs 1.8. Phrasal verbs and idioms 1.9. Word formation
2. Vocabulary	2.1. Education and learning 2.2. Personality, character and appearance 2.3. Travel and movement 2.4. Hobbies, sports and pastimes 2.5. Weather and environment
3. Reading	Reading comprehension passages from different sources will be used together with other supplementary authentic materials to present some of the topics, to consolidate the students' vocabulary and as a basis for some of the exercises, inside and outside the classroom.
4. Writing	Students will have to hand in several pieces of writing based on the topics in 1 or 2 above. The guidelines for each writing assignment will be duly given in the classroom.



5. Listening	This part will focus on listening and audiovisual comprehension exercises, from textbooks or authentic sources, which will be done in the classroom or outside the classroom, as part of the self-learning process.
6. Speaking	Speaking will be mainly practised in small groups by means of class discussions or different speaking activities proposed by the teachers or the students. Apart from that, English will be used as a vehicle of communication between the teachers and the students in the classroom.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	2	0	2
Sesión maxistral	12	26	38
Seminario	13	22	35
Discusión dirixida	7	16	23
Proba obxectiva	0	21	21
Proba oral	0	12	12
Lecturas	0	10	10
Aprendizaxe colaborativa	8	0	8
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Primeira toma de contacto coa lingua inglesa en xeral e coa materia en particular, en que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado así como sobre as súas competencias iniciais en lingua inglesa, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de lles transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Seminario	Nesta materia denomináñanse seminarios aquelas aulas de carácter práctico en que se desenvolven as catro destrezas arredor dun tema dos que se poden atopar nos contidos ou outros que podan ser de interese xeral. Deste xeito, haberá seminarios de lectura, redacción e comprensión audiovisual case todas as semanas do curso.
Discusión dirixida	Nesta materia chamámoslle discusión dirixida ás actividades desenvolvidas polo alumnado en grupos pequenos, coordinados pola profesora lectora, en que porán en práctica a súa destreza oral en lingua inglesa e se debaterán temas de forma libre, informal, espontánea e sinxela.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Permitirá avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. en todas as destrezas. Esta proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación, entre outras.
Proba oral	Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado mediante unha pequena conversa ou entrevista coas profesoras individualmente ou por parellas. Os estudiantes terán tamén que ler un texto en voz alta e tal vez improvisar situacións suxeridas polas profesoras, que poderán usar textos ou material audiovisual como apoio durante a proba.
Lecturas	Nesta materia chamarémoslle lecturas a todo o material que o estudiantado terán que ler fóra da aula para a realización dalgúns exercicios de reading comprehension así como todas as lecturas que poidan facer en inglés para outras materias. Tamén se considerarán "lecturas" a lectura de xornais, revistas, foros de internet, etc. en lingua inglesa, actividade que recomendaremos desde o primeiro día de clase.



Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa convuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
--------------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Seminario	As profesoras corrixirán ao longo do curso catro redaccións de cada alumno/a. Os estudiantes deberán ter en conta os seus errores ou carencias e comentalos coas profesoras antes de reescribir os traballos. Asemade, poderán facer todo tipo de consultas ou peticións de orientación sobre o material de autoaprendizaxe que queiran manexar.

Avaliación

Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Lecturas	Será obrigatorio ler unha narración breve en lingua inglesa e contestar a unha serie de preguntas sobre ela por escrito.	5
Proba oral	Todos o alumnado realizará unha proba oral ao final do cuadrimestre ou no período da avaliación en que deberá amosar as súas competencias comunicativas en lingua inglesa.	10
Proba obxectiva	No período de avaliación de xaneiro o alumnado terá que realizar unha proba obxectiva de Use of English (30 puntos).	30
Discusión dirixida	Nas clases prácticas de inglés oral coa lectora avaliaranse todas as intervencións do estudiantado ao longo do cuadrimestre.	5
Sesión maxistral	Os coñecementos acadados na sesión maxistral avaliaranse a través de probas prácticas de uso da lingua inglesa, que se realizarán na aula ao longo do cuadrimestre.	10
Seminario	A avaliación das competencias que o alumnado debe acadar tras participar nos seminarios realizarase a través dun exercicio de reading comprehension (5 puntos) e un exercicio de listening comprehension (5 puntos) que se levarán a cabo na aula ao longo do cuadrimestre. Ademáis deberán realizar ao terminar o cuadrimestre, na data oficial, un exercicio available de reading comprehension (5%) e outro de listening comprehension (10%). A competencia escrita avaliarase por medio das catro redaccións que terán que entrega á lectora ao longo do cuadrimestre (15%).	40

Observacións avaliación



A avaliación total por destrezas distribúese deste xeito:
Use of English: 40 (proba práctica available feita na aula: 10%; proba obxectiva: 30%)
Reading: 15 (1 exercicio práctico available feito na aula: 5%; lectura de narración breve: 5%; proba na data oficial: 5%)
Writing: 15 (4 redaccións: 15%)
Speaking: 15 (discusión dirixida 5%; proba oral 10%)
Listening: 15 (1 exercicio práctico available: 5%; proba obxectiva: 10%)

**IMPORTANTE: **

Para superar a materia, a cualificación mínima é un 5.

A nota mínima da proba obxectiva de Use of English para poder sumar as puntuacións das outras destrezas deberá ser de 4 puntos sobre 10.

Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final de traballos e actividades se estes son entregados fóra de prazo sen causa xustificada.

Os alumnos/as que non se presenten o día das probas obxectivas de xaneiro ou xullo acadarán a cualificación de NP, se non entregaron máis do 50% de actividades durante o curso.

AVALIACIÓN XULLO:

Os/as estudiantes que en xaneiro non superen a materia ou aqueles/aquellas que non presenten alomenos o 50% das redaccións terán que ir á oportunidade de xullo, na que o alumnado terá que demostrar ter acadadas as competencias da materia nos porcentaxes totais establecidos mediante a superación de probas nas distintas destrezas, redaccións substitutorias das feitas na aula, lectura dunha narración breve distinta á proposta durante o cuadrimestre, e unha entrevista oral individualizada coa profesora.

Alumnado con dispensa: O alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso para planificar, en cada situación concreta e individual, os axustes necesarios na avaliación, no tocante as porcentaxes de "discusión dirixida", "lecturas" e "seminario".

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías